

Unidade 2:

A Ilustración

1. Introducción

Fronte ás estruturas e as bases ideolóxicas do Antigo Réxime, o século XVIII viu nacer un movemento intelectual e cultural profundamente renovador, **a Ilustración**. O novo pensamento derivado dela baseábase na **razón** como guía suprema, na confianza no **progreso humano** e na convicción de que a **educación** podía mellorar a sociedade. A Ilustración non foi un fenómeno illado, senón que se alimentou das transformacións previas (en especial da Revolución Científica dos séculos XVI e XVII) e se desenvolveu no marco das **monarquías absolutas europeas**.

Este movemento inspirou dúas vías de actuación distintas: por un lado, monarcas que, sen renunciar ao seu poder absoluto, incorporaron certas reformas modernizadoras (**despotismo ilustrado**); por outro, correntes políticas e sociais que desembocaron no **liberalismo**, cristalizando en procesos revolucionarios como a **Revolución Americana (1776)** e a **Revolución Francesa (1789)**. Deste xeito, a Ilustración funcionou como unha ponte entre o mundo tradicional e a nova era das revolucións liberais que marcarían o inicio da Idade Contemporánea.

2. O pensamento ilustrado


Hoxe en día hai algún principios, como os de **liberdade**, **igualdade** ou **dereitos civís**, que resultan básicos para a nosa sociedade. Sen embargo, isto non era así no Antigo Réxime, onde a orde social e política estaba fundamentada en principios inmutables: a sociedade estamental, o dereito divino dos reis, o monopolio do saber por parte da Igrexa e a escasa mobilidade social. A aparición e desenvolvemento da **Ilustración** puxo en cuestión estes fundamentos, defendendo que a organización social debía basearse en **principios racionais e universais**.

Entre os **principios da Ilustración** destacan os seguintes:

- Uso da **razón** como fonte de todo o coñecemento. Debido á luz da razón, o século XVIII foi coñecido como o “Século das Luces”.
- Confianza no **progreso** constante da humanidade, que debe conducir á **felicidade** se son

aplicados os coñecementos científicos e técnicos.

- Fomento da **educación** como ferramenta clave para formar cidadáns críticos e útiles para o ben común.



Lectura [...] no salón literario de madame Geoffrin, de Charles Gabriel Lemonnier (1812)

Entre os **medios de difusión** característicos da Ilustración podemos sinalar:

- A **Enciclopedia** promovida polos franceses Diderot e D'Alembert, que pretendía compilar e difundir os logros do saber adquiridos pola aplicación da razón.
- **Salóns e faladoiros**, vencellados á elite social e nos que atoparon oco os postulados ilustrados. Destacan os salóns promovidos por mulleres da aristocracia (Tencin, Geoffrin...).
- As **Academias**, unhas institucións creadas polos monarcas coa finalidade de potenciar unha determinada actividade cultural (Academia de Belas Artes de San Fernando, Real Academia Española, etc...).

Entre os principais representantes da Ilustración podemos sinalar a John **Locke** (teoría do contrato social e dos dereitos naturais), Immanuel **Kant** (defensor da idea “atrévete a saber”), o barón de **Montesquieu** (teoría da separación de poderes), **Voltaire** (defensa da liberdade de expresión e da tolerancia relixiosa) ou Jean-Jacques **Rousseau** (defensa da soberanía popular). Tamén neste momento aparecen as primeiras reivindicacións do papel da muller, da man de intelectuais como **Madame de La Fayette**, **Mary Woolstonecraft** ou **Olympe de Gouges** (autora da *Declaración de Dereitos da Muller e da Cidadá*).

3. Despotismo ilustrado

Denomínase **despotismo ilustrado** ao sistema xurdido no século XVIII como adaptación das monarquías europeas ás novas ideas da Ilustración, pero sen renunciar ao seu poder.



Estes monarcas, conscientes da necesidade de modernización dos seus Estados, tentaron **adaptar as ideas de razón, educación e progreso**, características dos autores ilustrados, **pero sen transformar a estrutura política do Antigo Réxime**; é dicir, mantendo o absolutismo. O mellor resumo do carácter contradictorio do despotismo ilustrado é a frase que o sintetiza: **“todo para o pobo, pero sen o pobo”**. Como principais **representantes** deste sistema podemos sinalar aos reis Federico II de Prusia, Carlos III de España, Luís XVI de Francia ou Catarina a Grande de Rusia.

As medidas aplicadas por estas monarquías buscaban a **eficiencia do Estado e a mellora do benestar xeral**. Así, fomentáronse a construción de estradas, portos, canles e infraestruturas básicas para favorecer o comercio interior, creáronse manufacturas reais e fábricas para impulsar a produción artesanal, promoveuse a colonización de terras baldías para mellorar a produción agrícola... Tamén se impulsaron reformas fiscais para aumentar os ingresos da Coroa, a reorganización da Administración e a profesionalización do exército. Non obstante, moitas destas iniciativas atoparon unha forte oposición por parte da nobreza e do clero, e a súa aplicación resultou desigual segundo as rexións.

A **educación e a cultura** ocuparon un papel central, polo que se crearon academias, museos e bibliotecas públicas, mellorouse o ensino primario e favoreceuse a investigación científica. Sen embargo, o obxectivo real non era tanto democratizar o saber, senón sobre todo formar súbditos máis útiles e leais ao Estado.

4. Revolución Científica

A Ilustración bebeu directamente dos logros da **Revolución Científica**, un proceso iniciado no século XVI que cuestionou o saber tradicional e asentou a ciencia moderna, independizada cada vez máis da fe e da tradición.

Aínda que é imposible establecer un punto de partida concreto para o esa “revolución científica”, adoita usarse como referencia a publicación en 1543 da obra *De revolutionibus*, de Nicolás **Copérnico**. Do mesmo xeito, a obra *Principia*, de Isaac **Newton**, de 1687, adoita ser considerada como a súa fin. Desta época son outros destacados científicos como Francis **Bacon**, Johannes **Kepler** ou **Galileo** Galilei.

No século XVIII, como consecuencia da revolución científica dos séculos anteriores e do pensamento ilustrado, a ciencia e as viaxes de exploración (como as levadas a cabo por James **Cook**) experimentaron un grande auxe, con **descubrimentos** e **avances técnicos** que cambiaron para sempre a vida das persoas. Entre os científicos máis destacados do século XVIII, podemos mencionar a Anders **Celsius**, Gabriel **Fahrenheit**, Benjamin **Franklin** ou o matrimonio formado por Marie e Antoine **Lavoisier**.

5. España no século XVIII

O século XVIII comeza en **España** coa **Guerra de Sucesión** (1701-1713), un conflito sucesorio tras a morte do Carlos II de Habsburgo en 1700, e que supuxo a chegada ao trono dunha **nova dinastía, a dos Borbón**, coa figura de **Felipe V**.

A nova monarquía comeza un programa de centralización política cos **Decretos de Nova Planta**, que eliminaban as institucións dos reinos da Coroa de Aragón (que apoiara ao rival de Felipe V na Guerra de Sucesión, o arquiduque Carlos de Austria). Esta vontade centralizadora, sen embargo, non acada todo o territorio, xa que se manteñen os foros de Navarra e as provincias vascas, que apoiaran a causa borbónica.

O **despotismo ilustrado** tamén se manifestará na Coroa española, principalmente durante o reinado de **Carlos III** (1759-1788), quen levará a cabo diversas tentativas de modernización a través da construción de obras públicas, da creación de academias ou da posta en marcha dalgunhas reformas económicas. Estas tentativas atoparán a oposición da nobreza e o clero, estamentos privilexiados que seguían mantendo un gran poder no século XVIII.

Entre as figuras da Ilustración en España destacan Gaspar Melchor de **Jovellanos** ou o

Conde de **Floridablanca**, que defenderon cambios en educación, economía e lexislación, aínda que moitas propostas quedaron limitadas pola estrutura do Antigo Réxime.

En **Galicia** mantéñense as estruturas económicas e sociais características do Antigo Réxime, destacando a **fidalgúa** como baixa nobreza non propietaria que obtén os seus recursos do cobro das rendas dos **foros**, contratos agrarios de moi longa duración aos que está sometido o campesiñado.

Na Ilustración galega ten grande importancia o clero, con figuras como Benito Xerónimo Feijóo (o **Padre Feijoo**), defensor da ciencia e do pensamento crítico, ou **Frei Martín Sarmiento**, promotor da educación, a botánica ou o estudo da lingua galega.